

CINE

Martes 22 de decembro ás 18:00 horas

Auditorio centro cultural A Fábrica, de Perillo

PROYECCIÓN DE “MAIMIÑO E O ESPELLO MÁXICO”

Maimiño e o espello máxico é unha longametraxe de animación para todos os públicos, baseado no conto infantil Polgariño e na versión libre deste creada por José Martí. Gañadora do Premio Mestre Mateo, do Premio Coral, do Premio Caracol de animación e do Premio Cibervoto.

Sinopse: Maimiño é un pequeno e pobre campesiño que inicia a maior aventura da súa vida. Terá que loitar por salvar o Palacio do Rei das tebras e da sede, enfrontarse a un carballo encantado, atopará á súa media laranxa... e tamén a unha ladroa que lle roubará o corazón.

Dirección e guión · Ernesto Padrón

Música · Silvio Rodríguez e Manuel Riveiro

Xénero · Animación

Duración · 78 minutos

A entrada será gratuíta ata completar a capacidade da sala.

Proxección dirixida a público familiar e especialmente recomendada para nenos e nenas con idades entre os 4 e os 11 anos.



ESPECTÁCULOS

Mércores 23 de decembro ás 18:00 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

A compañía de danza Entremans, presenta o seu espectáculo “Xoga”, escrito e dirixido por Ana Beatriz Pérez e Kirenia Martínez.

Sinopse: Xoga é un espectáculo para descubrir como eres e saber de que estás feito. Un encontro didáctico que conxuga espazo escénico, audiovisual, música e danza, diversión, unión e espectáculo. Unha viaxe dende a imaxinación ao coñecemento.

Elenco: Kirenia Celia Martínez e Beatriz Pérez.

Xénero: danza contemporánea.

Duración: 50 minutos.

Prezo: 3,50 €

As entradas poñeranse á venda a partir das 17:00 horas, ata completar a capacidade da sala. Espectáculo dirixido a público familiar e especialmente recomendado para nenos e nenas con idades entre os 3 e os 6 anos.



Sábado 26 de decembro ás 18:00 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

Animundis Artes presenta o seu espectáculo “Animundis”, escrito por Benjamin Queiro e dirixido por Carlos Sante.

Sinopse: Espectáculo infantil multimedia de música e teatro. Coi-dadísimas composicións de funk, swing e rock, acompañadas de divertidas e participativas letras conforman o fío condutor desta obra coral na que dous actores e catro músicos contan a historia de Bim, o pingüín frioleiro, e Kiwi, o paxaro que non pode voar. O espectáculo que mostra as carencias dunha sociedade intolerante a través das tecnoloxías multimedia e a música infantil menos convencional.

Elenco: Anita Baker, Keke Diez, Manuel Brey, Carlos Clerins, Javier Sampedro e Nacho Goris.

Xénero: teatro musical

Duración: 60 minutos.

Prezo: 2,50 €



As entradas poñeranse á venda a partir das 17:00 horas, ata completar a capacidade da sala. Espectáculo dirixido a público familiar. Especialmente recomendado para nenos e nenas con idades entre os 3 e os 10 anos.

Mércores 30 de decembro ás 18:00 horas

Auditorio centro cultural A Fábrica, de Perillo

Katarsis Educación-Teatro, presenta o seu espectáculo “PA CAMA”, unha idea orixinal de Carolina Ramos e Kevin Stewart baixo a dirección de Omar Alvarez e Kevin Stewart.

Sinopse: “Pa cama” é un espectáculo non verbal para a primeira infancia. Trátase dunha exploración de xogos entre dous amigos que antes de dormirse descubren un mundo de aventuras que lles distrae do sono. A súa inxenuidade fai que atopen diversión no máis sinxelo, en todo aquilo que lles rodea, no marco dun ambiente tan acoledor como é un dormitorio.

Elenco: Kevin Stewart e Estibaliz Veiga.

Duración: 30 minutos.

Prezo: 2,00 €

As entradas poñeranse á venda a partir das 17:00 horas, ata completar a capacidade da sala. Espectáculo dirixido a público familiar. Especialmente recomendado para nenos e nenas con idades entre 1 e 5 anos.



OBRADOIROS DE ARTES PLÁSTICAS

Centro cultural A Fábrica, de Perillo

Prazas limitadas: 15 prazas en cada quenda. Adxudicaranse por rigorosa orde de inscrición. Preferencia empadroados/as.

Luns 28 · Obradoiro de Xoguetoloxía

1ª Quenda: 10.30-12.00 horas

(dirixido a nenos e nenas nados entre os anos 2010 e 2012)

2ª Quenda: 12.30-14.00 horas

(dirixido a nenos e nenas nados entre os anos 2006 e 2009)



Martes 29 · Obradoiro de Nadal con material de refugallo

1ª Quenda: 10.30-12.00 horas

(dirixido a nenos e nenas nados entre os anos 2010 e 2012)

2ª Quenda: 12.30-14.00 horas

(dirixido a nenos e nenas nados entre os anos 2006 e 2009)



Mércores 30 de decembro · Obradoiro de adornos de Nadal

1ª Quenda: 10.30-12.00 horas

(dirixido a nenos e nenas nados entre os anos 2010 e 2012)

2ª Quenda: 12.30-14.00 horas

(dirixido a nenos e nenas nados entre os anos 2006 e 2009)



II DÍAS DE NADAL AGASALLOS DE CULTURA

INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS NO DEPARTAMENTO DE CULTURA

Rúa do Inglés, nº 13
15.172 Perillo Oleiros
981 610 000 Ext. 4915 e 4916
cultura@oleiros.org
r.caparros@oleiros.org


Concello de
Oleiros


Concellaría de Cultura e
Normalización Lingüística